



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEDA

Exposición pública do padrón fiscal da taxa polo servizo de recollida do lixo do ano 2026

Polo acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de xaneiro de 2026 aprobouse o padrón fiscal de contribuíntes pola taxa de recollida do lixo correspondente ao ano 2026.

Exposición: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de UN MES a contar dende o día seguinte á publicación deste Edicto no BOP, o cal ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e artigo 24 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación

Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Cobramento: O Servizo de Recadación da Deputación provincial da Coruña levará a cabo o cobramento consonte ao establecido no artigo 6 da Ordenanza fiscal núm.10 do Concello de Neda (BOP núm.243, do 23 decembro de 2013)

Recursos: Contra o presente acordo, que é definitivo na vía administrativa, poderá interpor no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, consonte ao artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición. Tamén poderá facer uso, con carácter previo e potestativo, do recurso de reposición establecido no artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) en relación co artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a exercer no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante a Xunta de Goberno Local deste Concello; sen prexuízo de que así mesmo poida utilizar calquera outro recurso que considere axeitado a dereito.

Contra as liquidacións tamén poderá interpor, ante o mesmo órgano, o recurso de reposición, no prazo dun mes, (igualmente contado desde o día seguinte o da notificación) ó que se refire o artigo 108 da LBRL, e o artigo 14.2 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, debendo terse en conta as condicións e circunstancias, previstas neste artigo.

Contra a resolución expresa ou tácita do recurso de reposición poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante o ditos Xulgados, nos prazos e forma indicados no parágrafo primeiro.

Vila de Neda, 29 de xaneiro de 2026

O alcalde, Angel Alvareño Saavedra

2026/511